



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.es · www.conceilodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 20 DE MARZO DE 2014

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte de marzo de dous mil catorce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpan a asistencia D^a Olga María Blanco Teijeiro e D. Marcos Rodríguez Calvo e D.^a Delia Paz Ardao.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 22 DE FEBREIRO DE 2014

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e dous de febreiro de dous mil catorce.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. MODIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN PROVISIONAL DO DOCUMENTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DA CAPELA, ADOPTADO POR ACORDO PLENARIO DE DATA 8 DE AGOSTO DE 2013. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde da instrucción do expediente correspondente para modificar o documento de aprobación provisional da modificación puntual número 1 do PXOM da Capela, que foi aprobado polo Pleno do Concello en data oito de agosto de dous mil trece. Como consecuencia da Resolución denegatoria de aprobación da modificación puntual da Consellería de Medio Ambiente territorio e infraestruturas de data oito de xaneiro de dous mil catorce, na que se requería informe de patrimonio sobre as modificacións introducidas na ordenanza 4/Poboado do Eume, así como unha nova redacción do artigo 67.12 sobre o silencio administrativo.

Lembra o Sr. Alcalde-Presidente que o asunto foi informado favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno realizada o día dezasete de marzo de dous mil catorce.

Polos voceiros dos Grupos Municipais do Partido Popular, D. José Seco Fernández, e de AIAC , D. Fernando Vilar Díaz, remítense ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos que representan a maioría absoluta do número legal de membros da corporación (5 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/a dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE e AIAC E 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular), adopta o seguinte acordo:

1º. Modificar o documento de aprobación provisional do documento de modificación puntual número 1 do PXOM que foi aprobado polo Pleno do Concello en sesión plenaria realizada o día 8 de agosto de 2013.

2º. Remitir o documento de aprobación provisional modificado xunto coa documentación oportuna ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas aos efectos da tramitación para a súa aprobación definitiva.

3. ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente da necesidade de redactar unha nova ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar como consecuencia do Decreto 149 /2013 do 5 de setembro, polo que se define a carteira de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

Lembra o Sr. Alcalde-Presidente que o asunto foi informado favorablemente na derradeira Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día dezasete de marzo de dous mil catorce.

Os voceiros dos grupos municipais do Partido Popular, D. José Seco Fernández e de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, remítense ao manifestado na Comisión de Asuntos do Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal do Servizo de axuda no fogar do Concello da Capela.

2º. Expoñer ao público no BOP e taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de 30 días, aos efectos de exame e reclamacións.

3º. No suposto de non terse presentado reclamacións ou alegacións entenderase definitivamente adoptado o acordo inicial de aprobación debendo publicarse íntegramente no BOP o texto da ordenanza.

4º. Derrogar a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Capela, aprobada por Acordo plenario de data 8 de agosto de 2013 (BOP número 187 de 1 de outubro de 2013).

4. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción dunha nova ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, todo elo como consecuencia da publicación do Decreto 149/2013 do 5

de setembro da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de Servizos Sociais.

Lembra o Sr. Alcalde- Presidente que o presente asunto foi informado favorablemente na Comisión informativa de asuntos do Pleno realizada o día dezasete de marzo de dous mil catorce.

Polos voceiros dos Grupos Municipais do Partido Popular, D. José Seco Fernández, e de AIAC D. Fernando Vilar Díaz, remítense ao xa manifestado na Comisión informativa de Asuntos do Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres./Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente (provisionalmente) a ordenanza fiscal reguladora do prezo público polo Servizo de axuda no fogar.

2º. Expoñer ao público aos efectos de reclamacións polo prazo de 30 días no BOP e taboleiro de anuncios do Concello.

3º. No suposto de non presentarse reclamación ao acordo inicial este entenderase elevado automaticamente a definitivo.

4º. Derrogar expresamente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo Servizo de axuda no fogar aprobada por acordo plenario de data 8 de agosto de 2013 (BOP número 187 do 1 de outubro de 2013).

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas dez minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


Jose A. Meizoso Paz